
Plantas de reciclaxe

Publicado por Ti silva que eu Fajo - 25-09-E 21:15:08

:huh:

Ola,

non paso moito tempo nesta maravillosa terra que me veu nacer e igual peço de inxenua, pero gustaríame que alguén me puidera axudar a despexar unha pequena dúbida que me asaltou esta noite falando co meu irmán sobre a reciclaxe...

Parece ser, e se é certo a cousa é grave, que non hai recollida selectiva neste gran (cada vez máis, e case sen dar-me conta ...) Gondomar. E que os polícromos contedores só son pra concienciar ó personal... A miña dúbida e saber se isto é certo, e se é así, sería outro caso de tomadura de pelo deste maldito concello...

Moitas grazas.

=====

Re: Plantas de reciclaxe

Publicado por Pinto - 25-09-E 22:07:27

Pois a verdade non sabería contestar.

Sei que se puxo en marcha o punto limpo.

Per entendo que se está contratado un servizo cunha contrata, que é Geseco...que está dende 2001 e transportar o lixo a Porriño, motivo polo que o ex.alcade Silva subiu o imposto do lixo.....pois eu entendo que si.

Pero...quen pode garantir que o servizo de recollida de lixo dun concello verdadeiramente o reciclan?.

Por exemplo, a AVV de Nigrán destapou o ano pasado como CESPANON facía recollida das podas, tal e como estaba especificado no contrato...pero o que si facía era incrementar o volume. lixo recollido, co cal se permitía o luxo de facturar máis ao concello porque para el todo computaba como lixo. verde non verde....

Mira esta noticia.. o digo por si che serve de referencia da situación...aínda que o mellor sería chamar ao concello e preguntar..

http://www.lavozdeg Galicia.es/vigo/2007/08/07/0003_6041935.htm :P

=====